

O Tribunal de selección, na súa sesión do 7 de abril de 2025, acordou establecer os criterios de corrección para o terceiro exercicio do procedemento selectivo:

- O terceiro exercicio consistirá na realización dun exercicio de carácter práctico ou teórico-práctico, proposto polo tribunal e relacionado co contido do programa específico, no que os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.
- O tempo máximo para a realización deste exercicio será 2 horas.
- A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 12,5 puntos.
- O exercicio estará conformado por tres supostos desagregados en varias preguntas de resposta curta.
- A puntuación de cada pregunta estará indicada no exame.
- Para a realización deste exercicio as persoas aspirantes poderá ir provistas de calculadora non programable e empregárase, exclusivamente, bolígrafo de cor azul ou negra para a súa resposta.

Lémbrese ás persoas aspirantes que, segundo o establecido na base 6.8 da convocatoria, disporán de **tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio**, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único e serán excluídas da oposición as que non comparezan. Non estará permitido o uso de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo de almacenamento de información ou con capacidade de comunicación dentro da aula de exame. Durante o desenvolvemento do exercicio, deberán permanecer apagados.

Santiago de Compostela

A presidenta do Tribunal

Verónica Piñeiro Gómez

(sinatura dixital)

Taboleiro electrónico.

Páxina web: <https://www.usc.gal/gl/institucional/gobierno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VERONICA PIÑEIRO GOMEZ, NIF ***0627**, 07/04/2025 17:44:57.

CSV: 2648-4716-47FC-8CFA